

XUSTIFICACION FUNCIONAL

Unha vez abordada a modificación da RPT que incluía os axustes estritamente necesarios da creación da nova Consellería de Cultura e Turismo, cómpre achegar unha proposta definitiva da RPT que supoña unha adaptación definitiva deste instrumento organizativo as necesidades da nova estrutura resultante do Decreto 163/2018, do 13 de decembro (DOG nº 243 do 21 de decembro), para os efectos de asumir as competencias asumidas.

O primeiro aspecto e sen dúbida o máis esencial desta proposta é incremento de nivel do persoal dos corpos e escalas da administración especial desta consellería. Como se detalla polo miúdo máis adiante, este incremento obedece en síntese a necesidade de retribuír o esforzo e adaptación do colectivo derivado da irrupción nos centros e unidades desta consellería das tarefas derivadas da sociedade dixital e coa vista a posta na Estratexia Galega da Cultura.

As tarefas e funcións deste persoal mudaron substancialmente nos últimos anos e ademais desta transformación incrementáronse como consecuencia dos eventos futuros, precisando unha adaptación e dedicación que entendemos que é xusto recoñecer polo menos en termos similares ao doutros colectivos da administración especial doutras consellerías que si viron como se incrementaban os seus niveis. Neste sentido cómpre citar comparativamente algúns exemplos:

- Consellería de Sanidade e Medio Rural, A1 ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS), nivel 24/25.
- Consellería de Medio Rural, C1-C2; ESPECIAL (ESCALA AXENTE FORESTAL), nivel 18.
- Axencia Galega de Infraestruturas, A1, ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO TÉCNICO - ESP. ENX. TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS), nivel 22.
- Axencia Turismo de Galicia, A2, XERAL(ESCALA DE INSPECCIÓN TURÍSTICA), nivel 22.

O compromiso e dedicación deste colectivo nos diferentes centros, eventos e actuacións, en especial en etapas anteriores de recesión económica nas que se reduciu o número de efectivos nesta consellería, exceden claramente das obrigas profesionais de calquera traballador/a e só pode explicarse en termos vocacionais, polo que a consellería aposta decididamente porque este incremento de niveis se inclúa nesta RPT, para por en valor esta notable compromiso que, nos vindeiros anos non vai ser menor.

Por outra banda insístease na necesidade achegada en propostas anteriores de modificación da xornada dos postos de traballo da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do resto das Bibliotecas que figuraban coa observación de "CANDO QUEDE VACANTE PASAR Á XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE" que pasa a ser de "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE. Esta medida supón en definitiva adiantar un proceso que se ía desenvolvendo de xeito natural no momento en que ían quedando vacantes as respectivas prazas, afectando exclusivamente a Subdirección Xeral de Bibliotecas (Biblioteca de Galicia) así como no restos das bibliotecas dependentes da consellería, que é onde concorren as razóns determinantes da presente modificación que se indicarán. Somos conscientes da implicación que supón que se mude algunha xornada actual pero entendemos que a modificación é absolutamente necesaria en función das actuais esixencias do servizo.

Cómpre destacar que, aínda que se trata dunha medida que foi solicitada por traballadores e traballadoras de diferentes centros, dado que permite situar ao persoal nas mesmas condicións, supón unha modificación individual de condicións de traballo, polo que cómpre circunscribila ao colectivo respecto do cal existen razóns organizativas e económicas que a xustifiquen; é dicir, as bibliotecas.



Introdúcense outras modificacións organizativas, destacando a creación dos postos de arquitectos e arqueólogos necesarios para dar resposta as necesidades derivadas das exixencia das competencias da consellería en materia de patrimonio e que se viñan satisfacendo de xeito provisional mediante expedientes de acumulo de tarefas de persoal funcionario.

O esquema expositivo seguido nesta memoria é o seguinte:

1. **MODIFICACIÓNS:**

1.1. INCREMENTO DE NIVEL RETRIBUTIVO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.

1.1.1. Incremento do nivel de postos base subgrupo A1, de nivel 20; escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos.

1.1.2. Incremento de nivel dos postos base subgrupo A2, nivel 16, escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos.

1.2. MODIFICACIÓN DA XORNADA DOS POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE BIBLIOTECAS (BIBLIOTECA DE GALICIA) E DAS BIBLIOTECAS.

1.2.1. Persoal laboral que figuraba coa observación "CANDO QUEDE VACANTE PASAR A XORNADA DE MAÑA OU TARDE" pasa a ser "XORNADA DE MAÑA OU TARDE".

1.2.2. Modificación da xornada do persoal funcionario das bibliotecas.

1.2.3. Condición de horario do persoal funcionario dos centros da consellería de Cultura e Turismo.

1.3. OUTRAS MODIFICACIÓNS ORGANIZATIVAS.

2. **CREACIÓNS:**

2.1. Un posto base subgrupo A1, nivel 22; da administración especial, escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de museos no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

2.2. Un posto de Técnico en Restauración, subgrupo A1/A2, nivel 20, da administración Xeral no CGAC

2.3. Na Secretaría Xeral de Política Lingüística créanse as seguintes prazas:

2.3.1. Dependendo directamente da Secretaría Xeral:

- Un posto de Xefatura de Negociado de Rexistro e Tramitación Administrativa, nivel 18, da administración xeral, aberto aos subgrupos A2/C1/C2.

2.3.2. Na Subdirección Xeral de Política Lingüística:

- Un posto de Lingüista, A1, nivel 20, AXG.
- Un posto de Xefatura de Sección Exterior, AXG, nivel 25, aberto aos subgrupos A1/A2/C1.
- Un posto de Xefatura de Negociado II, AXG, nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2.

2.3.3. Na Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística:

- Un posto de Xefatura de Negociado II, AXG, nivel 18, aberto aos subgrupo A2/C1/C2.

2.4. Dous postos de Arquitecto de funcións facultativas, subgrupo A1, nivel 26; da administración especial, escala de arquitectos (ESA) e dous postos base subgrupo A1, nivel 20, da administración especial, escala de arqueólogos dependendo directamente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e un posto de Arquitecto de funcións facultativas, subgrupo A1, nivel 26, dependendo directamente da Xefatura Territorial de Pontevedra.

2.5. Un posto de Xefatura de Negociado de Xestión Administrativa na Xefatura Territorial desta Consellería na Coruña.

2.6. Na biblioteca Pública de Lugo, créase un posto de **Técnico Superior de bibliotecas, subgrupo A1, nivel 22, da escala de arquivos da Administración Especial, Escala de Facultativos de Arquivos, Bibliotecas e**



Museos, especialidade de Bibliotecas. Corríxese así un déficit de efectivos deste centro deste corpo ou escala que non conta con ningún efectivo destas características.

2.7. Créase o centro de destino Museo de Viño do Galicia en Ourense, e neste centro engádense tres postos de subalterno, AP, nivel 10.

3. AMORTIZACIÓNS

1. MODIFICACIÓNS

1.1. INCREMENTO DE NIVEL RETRIBUTIVO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.

Propónse o incremento de nivel de todos os postos das diferentes escalas da administración especial que se indican nos termos que se sinalan:

denominación	Número de postos
TÉCNICO SUPERIOR DE BIBLIOTECAS A1 (de nivel 20 a 22) ⁽¹⁾	11
TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS A1 (de nivel 20 a 22) ⁽²⁾	9
TÉCNICO SUPERIOR DE MUSEOS A1 (de nivel 20 a 22) ⁽³⁾	4
TEC.MEDIOS DE BIBLIOTECAS (de nivel 16 a 18) ⁽⁴⁾	26
TEC.MEDIOS DE ARQUIVOS (de nivel 16 a 18) ⁽⁵⁾	16
TEC.MEDIOS DE MUSEOS (de nivel 16 a 18) ⁽⁶⁾	13
TOTAL	79

⁽¹⁾ Incremento integro anual	2.743,65
⁽²⁾ Incremento integro anual	2.743,65
⁽³⁾ Incremento integro anual	2.743,65
⁽⁴⁾ Incremento integro anual	872,93
⁽⁵⁾ Incremento integro anual	872,93
⁽⁶⁾ Incremento integro anual	872,93

1.1.1. INCREMENTO DE NIVEL DE POSTOS BASE SUBGRUPO A1, NIVEL 20, DA AMINISTRACIÓN ESPECIAL, ESCALA DE FACULTATIVOS DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS.

Todos os postos da Administración Especial, da Escala de Facultativos de Arquivos, Bibliotecas, e Museos, subgrupo A1, nivel 20, pasan a nivel 22. Como xa se indicou este colectivo experimentou nestes anos unha notable transformación das súas funcións como consecuencia principalmente da incorporación das novas tecnoloxías aos seus centros de traballo, que requiriu unha adaptación e formación que seu veu producindo ao longos destes anos; o cal requiriu un esforzo que entendemos que debe ser recoñecido do mesmo xeito que se fixo con outros colectivos como se indica máis arriba.

A labor deste persoal require, ademais dos coñecementos facultativos propios da escala e especialidade correspondente, unha especialización tecnolóxica e adaptación constante, como por exemplo a incorporación de mecanismos e redes de intercomunicación con outros centros da mesma natureza tanto a nivel nacional e internacional.



Neste sentido cómpre citar a Galiciana como a biblioteca dixital de referencia para o ámbito da cultura e da lingua galegas e forma parte dos subministradores de datos, a través da Biblioteca Dixital de España, Hispana, da Biblioteca Dixital Europea, Europeana. É o segundo proveedor nacional de datos dixitais de Hispana. Conta máis de 5.100 obras en formato dixital, o que supón máis de 1.604.300 imaxes. De toda a súa colección de monografías e hemeroteca, o máis solicitado polos usuarios é a súa colección de prensa histórica galega, da que conta con máis de 155.000 números dixitalizados (anteriores a 1935) e máis de 900.000 imaxes.

Por outra banda, está a ter un gran incremento da demanda de consultas e documentación histórica, especialmente de prensa histórica. Ademais disto está previsto incrementar os fondos de Galiciana incorporando ao repositorio bibliográfico e documental actual o repositorio dixital dos arquivos administrativos de Galicia (que se está a crear a través do proxecto europeo ARPAZ, que deberá estar en funcionamento en breve) e o repositorio dixital dos museos e do patrimonio galego. Deste xeito Galiciana quedará configurada como o gran recolledor e repositorio dixital do Patrimonio Cultural de Galicia.

Pola súa banda, A Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, crea o Arquivo Dixital de Galicia, adopta as previsións básicas para adaptar a xestión dos arquivos públicos ao contexto dixital. A administración electrónica é unha realidade xa ineludible para todas as administracións públicas, desde o momento en que a Lei estatal 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e as disposicións que a están a desenvolver, así como a Recomendación da Comisión Europea do 24 de agosto de 2006 sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital (2006/585/CE), establecen prazos e sistemas concretos de incorporación dos sistemas de xestión documental ao ámbito dixital, así como os dereitos dos cidadáns a ser usuarios de tales sistemas e a relacionarse por esta vía coas administracións.

Resulta evidente por tanto a transformación e especialización que xa ven experimentando o colectivo técnico desta consellería dende fai anos; o que sen dúbida xustifica o recoñecemento do incremento que se propón.

Os postos afectados so os seguintes:

- SUBGRUPO A1, NIVEL 20, especialidade bibliotecas (ESB2):

ED.301.00.001.15770.030	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.301.00.001.15770.063	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.15001.003	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.15001.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.15770.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.32001.002	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.32001.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.36560.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.36560.006	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.36560.007	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.101.36560.008	POSTO BASE SUBGRUPO A1



- SUBGRUPO A1, NIVEL 20, especialidade arquivos (ESB1):

ED.201.00.002.15770.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.301.00.002.15770.007	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.301.00.002.15770.010	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.15001.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.15001.006	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.15001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.27001.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.32001.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.301.36001.003	POSTO BASE SUBGRUPO A1

- SUBGRUPO A1, NIVEL 20, especialidade museos (ESB3):

ED.C99.50.201.15001.007	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.201.15770.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.201.27100.007	POSTO BASE SUBGRUPO A1
ED.C99.50.201.32001.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1

1.1.2. INCREMENTO DE NIVEL DE POSTOS BASE SUBGRUPO A2, NIVEL 16, DA AMINISTRACIÓN ESPECIAL, ESCALA DE AXUDANTES DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS.

Os postos da Administración Especial, da Escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas, e Museos, subgrupo A1, nivel 16, pasan a nivel 18. As razóns deste incremento son esencialmente as sinaladas para o subgrupo A1, pero referidas ao seu nivel de responsabilidade. Todas as prazas teñen xornada de mañá ou tarde agás as dos arquivos administrativos debido a que o horario das súas unidades é exclusivamente de mañá. Non obstante, nestes arquivos administrativos son frecuentes os desprazamentos e o desenvolvemento de xornadas de xeito irregular.

No caso deste colectivo ademais concorre a circunstancia especial de que xa existen outros postos facendo as mesmas funcións e convivindo nos mesmos centros que teñen nivel 18; polo que estes non experimentan o incremento.

As prazas so as seguintes:

- SUBGRUPO A2, NIVEL 16, especialidade bibliotecas (EMB2):

ED.301.00.001.15770.036	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.301.00.001.15770.037	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.301.00.001.15770.038	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.301.00.001.15770.065	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.15001.023	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15770.012	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15770.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15770.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15770.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.15770.012	POSTO BASE SUBGRUPO A2



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: ED-M-01-2018

ED.C99.50.101.15770.013	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15001.014	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.27001.007	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.27001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.27001.013	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.32001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.32001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.32001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32680.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.36001.006	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.36001.007	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.36001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.36001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2

- SUBGRUPO A2, NIVEL 16, especialidade arquivos (EMB1):

ED.301.00.002.15770.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.301.00.002.15770.014	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.15001.018	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.15001.020	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.15001.021	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.27001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.27001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.27001.012	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.302.27001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.32001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.32001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.32001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.32001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.36001.007	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.36001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.301.36001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2

- SUBGRUPO A2, NIVEL 16, especialidade museos (EMB3):



ED.C99.50.201.15001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15001.012	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15001.013	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15770.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.15770.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.27100.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.27100.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32001.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32001.010	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32680.008	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.201.32680.009	POSTO BASE SUBGRUPO A2
ED.C99.50.101.36040.003	POSTO BASE SUBGRUPO A2

1.2. MODIFICACIÓN DA XORNADA DOS POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE BIBLIOTECAS (BIBLIOTECA DE GALICIA) E DAS BIBLIOTECAS.

1.2.1. Persoal laboral que figura coa observación "CANDO QUEDE VACANTE PASAR A XORNADA DE MAÑA OU TARDE" pasa a ser "XORNADA DE MAÑA OU TARDE".

Os datos da evolución dende o ano 2008 ao ano 2016 reflicten un incremento dos usuarios deste servizo por derriba do cincocentos por cento. Destacar que o dato refírese aos usuarios, é dicir, persoas que demandaron algún servizo, non figurando o persoal que simplemente visitou o centro para consulta sen demandar ningún servizo.

BIBLIOTECA	2008	2009	2012	2014	2016	% Incremento 2008 - 2016
BP CORUÑA	28.779	30.280	34.477	37.031	136.424	274,06%
BP LUGO	17.419	18.939	25.263	28.758	162.538	733,11%
BP SANTIAGO	6.747	11.889	25.163	32.283	154.242	2.086,08%
BP VIGO	11.564	15.573	25.421	30.636	188.755	1.432,26%
BP PONTEVEDRA	23.006	24.792	29.170	31.995	111.378	284,13%
BP OURENSE	23.528	24.871	28.857	31.956	107.995	259,01%
	111.043	126.344	168.351	192.659	861.332	575,67%

Debido as razóns organizativas e económicas que se indican máis adiante esta consellería vese na necesidade de propoñer a modificación da xornada das prazas do persoal laboral destinado tanto na Subdirección Xeral de Bibliotecas (Biblioteca de Galicia) así como no resto das bibliotecas dependentes da consellería que figuran coa observación de "CANDO QUEDE VACANTE PASAR Á XORNADA DE MAÑA OU TARDE", que pasa a ser de "XORNADA DE MAÑA OU TARDE".

Esta medida supón en definitiva adiantar un proceso que se ía desenvolvendo de xeito natural no momento en que ían quedando vacantes as respectivas prazas, afectando exclusivamente a Subdirección Xeral de Bibliotecas



(Biblioteca de Galicia) así como no restos das bibliotecas dependentes da consellería, que é onde concorren as razóns determinantes da presente modificación.

Polo que se refire as prazas do persoal laboral, a diferenza do que ocorre coas do persoal funcionario, por aplicación do artigo 41.1 e 2 do Estatuto dos Traballadores (ET), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, estaríamos ante unha modificación substancial das condicións de traballo que esixe o cumprimento de requisitos adicionais a maiores da propia negociación e aprobación da proposta.

A primeira exigencia ven determinada pola propia existencia das razóns económicas, técnicas, organizativas ou de produción que xustifican a modificación destas condicións de traballo. Neste sentido cómpre sinalar que no caso da administracións públicas concorren estas causas cando coa súa adopción se contribúe a unha mellor prestación do servizo. Tendo en conta que non estamos ante un sector produtivo, a xustificación debe circunscribirse a causas organizativas e económicas, entendidas estas últimas como unha redución do gasto público derivada dunha adecuada utilización dos recursos dispoñibles e unha mellora na prestación dos servizos.

O outro requisito salientable ten carácter procesual e varía segundo se trate dunha modificación de carácter individual ou colectivo. Neste caso, enténdese que non se superan os límites cuantitativos previstos no artigo 41.2 do ET, polo que a modificación ten carácter individual, de modo que a única exigencia estatutaria é a notificación aos traballadores/as afectados cunha antelación de quince días ao da súa eficacia.

É de destacar que en calquera caso esta modificación, aínda que teña este carácter individual está a ser obxecto de negociación xunto co resto da RPT, polo que os dereitos dos traballadores afectados previstos no ET están absolutamente garantidos. Neste sentido destacar que xa se celebraron tres xuntanzas en datas anteriores, concretamente os días 13/04/2016; 26/04/2016 e 25/05/2016, xuntanzas previas nas que xa se produciran avances na negociación, como se reflicte na derradeira acta. Concretamente atendendo as suxestións das organizacións sindicais con representación nesta negociación, respecto da proposta inicial os avances foron os seguintes:

- a) Ningunha praza ocupada que experimente modificación queda sen retribuír dalgún xeito. Esta medida entendese sen prexuízo da actualización da RPT respecto daquelas prazas que xa quedaron vacantes, aínda que fosen ocupadas despois.
- b) O persoal funcionario que non desenvolve funcións técnicas nas bibliotecas (auxiliares e administrativos) quedan excluídos do acordo. Tamén aquí cómpre salientar a actualización das prazas que xa quedaron vacantes e estaban pendentes de actualizar, aínda que na actualidade estean ocupadas, dado que estas xa pasaron a xornada de mañá ou tarde no momento de quedar vacantes, aínda que despois fosen ocupadas.
- c) Ao persoal subalterno (AP), que ten incidencia nas labores dos centros, ofréceselle a alternativa de mudar a xornada de xeito opcional a cambio dun incremento do complemento específico equivalente ao complemento de especial dedicación do persoal laboral (532,68€ anuais). Neste sentido compre salientar que xa se evacuou consulta a este persoal, mudando as prazas nas cales os titulares aceptaron. Así mesmo, no ámbito de bibliotecas, o persoal subalterno (AP), que actualmente xa ten xornada de mañá ou tarde incrementáseles o complemento específico na mesma contía para evitar agravios.



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: ED-M-01-2018

En definitiva, o persoal subalterno (AP) destinado nas bibliotecas, que ten xornada de mañá ou tarde, increméntaselle o específico nos termos sinalados e pola súa banda o persoal que non muda esta xornada non experimenta este incremento. Compre insistir que esta medida é exclusiva para as bibliotecas, dado que no resto dos centros, arquivos e museos, non concorren as circunstancias obxectivas que determinan esta modificación.

No V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia apenas se fan mencións específicas para as modificacións substanciais das condicións de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia. Unha breve referencia no artigo 16 cando se refire á organización do traballo para indicar que é facultade da Xunta de Galicia e que a súa aplicación práctica lle corresponde ás persoas titulares das distintas unidades orgánicas; operando a continuación unha remisión ao ET, artigos 40, 41 e 64.1º, para salvagardar os dereitos e facultades de audiencia e información recoñecidos ao persoal.

Outros convenios detallan con unha maior precisión os trámites a seguir nestas modificacións a maiores da tramitación da propia RPT. Cabe citar a modo de exemplo o III Convenio Colectivo para persoal laboral da Administración Xeral do Estado que no seu artigo 20 sinala o seguinte:

"Artículo 20. Modificación substancial de las condiciones de trabajo.

Los órganos competentes de la Administración General del Estado, en cada caso, podrán acordar modificaciones sustanciales de las condiciones de trabajo, de carácter individual o colectivo, cuando existan probadas razones técnicas, de eficiencia organizativa o de mejor prestación de los servicios públicos, de acuerdo con lo establecido en el artículo 41 del Estatuto de los Trabajadores.

Se entenderá que concurren las causas a las que se refiere el citado artículo cuando la adopción de las medidas propuestas contribuya a mejorar la prestación del servicio público en el ámbito del departamento u organismo, a través de una más adecuada organización de sus recursos.

En el caso de modificación sustancial de condiciones de trabajo de carácter individual, ésta se negociará en la correspondiente Subcomisión Delegada en el plazo de quince días desde su presentación, con carácter previo a la adopción de la resolución motivadora de la decisión. Con posterioridad a dicha negociación, la decisión de modificación se notificará al trabajador afectado y a sus representantes legales y sindicales con una antelación mínima de treinta días a la fecha de su efectividad, así como a la Subcomisión Delegada.

Cuando se trate de modificaciones de carácter colectivo, la Administración abrirá un período previo de consultas, y en su caso negociación, de acuerdo con el artículo 41 del Estatuto de los Trabajadores, con los representantes de los mismos, para lo cual se entregará una memoria justificativa de las causas o motivos de la modificación propuesta, así como de las medidas a aplicar y sus referencias temporales.

Finalizada la negociación o período de consultas la decisión de modificación se notificará a los trabajadores afectados y a la Subcomisión Delegada con una antelación mínima de treinta días a la fecha de su efectividad"



En conclusión, para o que aquí nos ocupa, entendemos que coa negociación da RPT e coa posterior notificación en tempo e forma aos traballadores/as da decisión adoptada, en calquera caso quince días antes da súa eficacia, queda garantido o cumprimento do previsto no artigo 41 do ET.

Esta medida susténtase nas seguintes razóns organizativas e económicas:

Razóns organizativas:

A tódalas prazas dos centros, incluídas as de bibliotecas, na RPT da que era no seu momento Consellería de Cultura e Deporte, incluíselles a observación "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE" ou "CANDO QUEDE VACANTE PASAR A XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE" segundo estivesen vacantes ou non vacantes.

A pretensión inicial desta proposta foi modificar xa as prazas vacantes incluíndo a observación de "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE", e na medida en que ían quedando vacantes modificar as que non o estaban aínda, co propósito de respectar e garantir que os empregados que accederon aos postos cunhas determinadas expectativas de desempeño, neste caso tipo de xornada, non se visen afectados por esta medida; de xeito que esta previsión de que cando quedase vacante pasaran a xornada de mañá ou tarde operaba como un mecanismo que permitía entender que a praza xa tiña esta xornada de mañá ou tarde nese momento, sen necesidade de modificar a RPT continuamente cada vez que se producían tales vacantes.

No momento de aprobarse esta RPT (DOG nº 152 do 8 de agosto de 2006) as previsións económicas eran outras e por tanto, as restricións á hora de autorizar a cobertura de prazas por substitución moito menos rigorosas, o que permitiu manter esta medida transitoria non sen dificultade. Deste xeito, cubríanse con certa normalidade as baixas que se producía tanto de traballadores/as con xornada de mañá ou tarde coma dos traballadores/as que transitoriamente estaban a gozar dunha xornada ordinaria do xeito descrito.

Nestes últimos anos cunha situación económica non tan favorable e sobre todo como consecuencia da aplicación de medidas adoptadas no marco de redución do déficit público referidas aos gastos de persoal, en especial a amortización de prazas que quedaron vacantes por aplicación da lei de orzamentos do ano 2013, o que impediu obviamente a súa incorporación ao réxime de quendas, así como as extraordinarias limitacións para a cobertura de postos ben por nomeamento de persoal interino ou ben mediante contratacións xurídico laborais en réxime de interinidade, cobertura que incluso ten un carácter subsidiario fronte a outras medidas organizativas que deben aplicarse antes da incorporación de novo persoal, como son a propia estruturación dos efectivos existente; e tendo en conta que aínda quedan moitas prazas coa observación sinalada de "CANDO QUEDE VACANTE PASAR A XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE", que por tanto están ocupadas por traballadores/as que non participan da xornada a quendas, cómpre revisar este réxime transitorio no ámbito dalgúns centros que experimentaron un incremento de usuarios e usuarias moi notable, como é o caso das **bibliotecas públicas** que, como se avanzou, incrementou máis dun 500% o número de usuarios, de xeito que o persoal que teña xornada ordinaria se incorpore a través desta modificación á xornada de mañá ou tarde sen necesidade de esperar a que a praza quede vacante e así lograr unha mellor optimización dos recursos humanos existentes.



Esta medida supón un aforro importante ademais de permitir prestar un servizo de maior calidade aos usuarios e usuarias; e por tanto cumprir as exixencias do artigo 41 do ET, para o caso do persoal laboral, desde a perspectiva da xustificación das razóns organizativas da medida.

Tamén a modificación permite mellorar o exercicio dos dereitos do persoal dos centros que están vinculados as necesidades de servizo. Neste momento, cada vez que se produce unha baixa dun empregado que está a xornada de mañá ou tarde a única forma de cubrir a súa quenda é con outro empregado incluído neste réxime, xa que o persoal que ten xornada ordinaria non está obrigado a facer tales quendas, polo que se produce un desequilibrio neste sentido, que mesmo ten incidencia negativa do persoal no sentido sinalado para gozar dos seus asuntos propios, sempre condicionados polas necesidades de servizo, polo que tales necesidades están absolutamente desequilibradas, segundo cada centro e dependendo do persoal que estea en xornada de mañá ou tarde ou a xornada ordinaria.

Por tanto, a incorporación de todo o persoal susceptible de traballar en xornada de mañá ou tarde, pero que transitoriamente ten xornada ordinaria, supón unha considerable mellora na prestación dos servizos públicos que xustifican a adopción desta medida de carácter organizativo.

Razóns económicas:

A incidencia económica que ten esta proposta organizativa é evidente, xa supón un aforro importante ao permitir unha distribución do traballo no caso de baixas ou ausencias entre un número maior de efectivos, ao estar todo o persoal incorporado ao mesmo réxime de desempeño.

É obvio que cando se produce unha baixa dun efectivo na situación actual este déficit transitorio non pode distribuírse entre o resto de todo o persoal do centro senón unicamente entre as traballadores e traballadoras que comparten tipo de xornada con ausente; ben xornada de mañá ou tarde ou ben en xornada ordinaria. No caso de estar todo no mesmo réxime de xornada a distribución desta ausencia se é de curto o medio prazo sería máis fácil de paliar, incluso no suposto de ausencia de curto prazo sen necesidade de acudir á cobertura de postos, é dicir, incorporación de novo persoal con carácter transitorio, mentres existen efectivos que non participan no mesmo réxime de xornada que poderían contribuír a suplir esta ausencia breve.

Como se sinalou máis arriba, ás prazas de persoal laboral inclúeselle o concepto retributivo correspondente de especial dedicación.

Cómpre destacar o bo grao que a medida ten incluso en sectores significativos dos representantes dos traballadores/as; como se pon de manifesto nun escrito achegado polo Comité de Empresa de Lugo no que se mesmo se demanda a adopción desta medida.

Esta modificación do réxime de xornada, como se indicou, esta referida exclusivamente as bibliotecas e a Subdirección Xeral de Bibliotecas (Biblioteca de Galicia), por considerar que no resto dos centros, arquivos e museos, non existe esta problemática e por tanto tampouco xustificación para non respectar o réxime transitorio descrito, a pesar das peticións dalgúns colectivos tanto de arquivos como de museos que a considerarían axeita dado que están destinados permanentemente a facer xornada ordinaria cando prefiren alternar.



A modificación supón cambiar a xornada das seguintes prazas:

1. Biblioteca da Coruña:

código	denominación
ED.C99.50.101.15001.041	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
ED.C99.50.101.15001.042	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
ED.C99.50.101.15001.043	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS

2. Biblioteca de Lugo

código	denominación
ED.C99.50.101.27001.060	VIXIANTE
ED.C99.50.101.27001.061	VIXIANTE

3. Biblioteca de Ourense

código	denominación
ED.C99.50.101.32001.038	VIXIANTE

4. Biblioteca de Pontevedra

código	denominación
ED.C99.50.101.36001.038	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
ED.C99.50.101.36001.040	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
ED.C99.50.101.36001.041	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
ED.C99.50.101.36001.042	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS

1.2.2. Modificación da xornada do persoal funcionario das bibliotecas.

Como se anticipou, durante o proceso de negociación desta modificación, en atención as suxestións manifestadas polo persoal afectado a través dos seus representantes, unha vez revisada polo miúdo a proposta inicial respecto deste apartado, considerase oportuno modificala no referente a xornada do persoal funcionario das bibliotecas no seguinte sentido:

- Por unha banda exclúese da modificación de xornada ao persoal funcionario que non experimenta incremento retributivo, concretamente administrativos e persoal técnico que non incrementa de nivel.
- Por outra, ofrecese a opción de mudar a xornada ao persoal subalterno (agrupacións profesionais) a cambio dun incremento da contía do correspondente complemento específico equivalente ao complemento de especial dedicación do persoal laboral.

Prazas de persoal funcionario que non experimenta incremento retributivo.

Analizada a incidencia nas necesidades de servizo que se pretenden satisfacer coa modificación da xornada do persoal destinado nas bibliotecas, obsérvase que a do persoal funcionario que non experimenta incremento retributivo é menor, debido principalmente as funcións desenvolvidas e ao reducido número de efectivos. Polo tanto, queda excluído deste modificación, de xeito que manterán o réxime de xornada transitorio actual, é dicir, a observación de "CANDO QUEDE VACANTE PASAR Á XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE". En definitiva estes postos non se modifican.



Nalgúns casos trátase de persoal do corpo auxiliar ou administrativo, subgrupos C1 e C2, que non desenvolve funcións técnicas nos centros, senón que fai funcións administrativas, sendo incluso máis adecuada a súa xornada en horario ordinario que a quendas, pese a que as prazas na actualidade figuran coa observación transitoria indicada máis arriba e que nalgúns casos xa teñen xornada de mañá ou tarde. As prazas afectadas serían as seguintes:

- ✓ 1 Auxiliar administrativo na Biblioteca de Lugo:
 - ED.C99.50.101.27001.016, AUXILIAR ADMINISTRATIVO
- ✓ 1 Posto base subgrupo C1 na biblioteca de Ourense
 - ED.C99.50.101.32001.016, POSTO BASE SUBGRUPO C1
- ✓ 2 Auxiliares administrativo/as, C2 na biblioteca de Ourense
 - ED.C99.50.101.32001.020, AUXILIAR ADMINISTRATIVO
 - ED.C99.50.101.32001.021, AUXILIAR ADMINISTRATIVO
- ✓ 2 Auxiliares administrativos na Biblioteca de Pontevedra
 - ED.C99.50.101.36001.015, AUXILIAR ADMINISTRATIVO
 - ED.C99.50.101.36001.017, AUXILIAR ADMINISTRATIVO
- ✓ 1 Posto base subgrupo C1, na biblioteca de Vigo
 - ED.C99.50.101.36560.009, POSTO BASE SUBGRUPO C1

Polo que se refire ao persoal técnico propiamente dito, existe un único efectivo que xa ten na actualidade nivel 18. Por tanto, a pesares da súa indiscutible incidencia na modificación que se pretende, é perfectamente asumible que esta praza, que non vai experimentar incremento retributivo, manteña este réxime transitorio de xornada.

Contabilízase nesta circunstancia un Técnico/a Medio de Bibliotecas, nivel 18; na Biblioteca de Lugo, código ED.C99.50.101.27001.003, que por tanto non experimenta modificación, mantendo a observación "CANDO QUEDE VACANTE PASAR Á XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE".

Prazas de persoal de agrupacións profesionais (subalternos), nivel 10, con destino en bibliotecas:

Polo que respecta a este colectivo de persoal funcionario subalterno (Agrupacións Profesionais), nivel 10, por unha banda considérase que desenvolven unha labor que os fai susceptibles de ser incluídos nesta proposta mudando a súa xornada pero por outra recoñécese que experimentarían unha modificación da súas condicións sen recibir ningún tipo de compensación económica, o que sen dúbida xera unha situación de agravio evidente co persoal laboral, que si percibe esta compensación, así como co persoal funcionario ao que se lle incrementa o nivel.

Comprobouse tamén neste caso cal sería o número de efectivos afectados e verifícase que é reducido, polo que se considerou propoñer durante a negociación o seguinte:

- Ao persoal funcionario agrupacións profesionais, nivel 10, que preste servizos nas bibliotecas públicas, que figuran coa observación de "CANDO QUEDE VACANTE PASAR Á XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE", ofréceselle a posibilidade de mudar voluntariamente esta pola de "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE". No caso de acollerse a esta modificación, incrementarase o complemento específico da praza nun importe equivalente ao da especial dedicación do persoal laboral en cómputo anual.



No seu momento xa se realizou unha consulta por escrito a cada empregado/a incluído neste apartado para que manifeste a súa vontade ao respecto, co resultado que xa consta por escrito.

As prazas afectadas son as seguintes:

✓ BIBLIOTECA DE LUGO:

- ED.C99.50.101.27001.020. SUBALTERNO. O/a titular do posto manifesta a vontade de **non mudar** a xornada, polo que se mantén a de "CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE".

✓ BIBLIOTECA DE PONTEVEDRA:

- ED.C99.50.101.36001.020 SUBALTERNO. O/a titular do posto **acepta mudar a xornada**, que pasa a ser "XORNADA MAÑÁ OU TARDE".
- ED.C99.50.101.36001.021 SUBALTERNO. O/a titular do posto manifesta a vontade de **non mudar** a xornada, polo que se mantén a de "CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE".

- Os postos de persoal funcionario subalterno, agrupacións profesionais, nivel 10, ocupados, con destino nas bibliotecas públicas, que na actualidade estea xa con xornada de mañá ou tarde, increméntaselle tamén a contía do seu complemento específico nos termos sinalados no apartado a), con efectos da entrada en vigor desta modificación desta RPT, para que ostente as mesmas condicións. As prazas son as seguintes:

✓ BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- ED.C99.50.101.15770.020. SUBALTERNO

✓ BIBLIOTECA DE VIGO:

- ED.C99.50.101.36560.020 SUBALTERNO

1.2.3. Condición de horario do persoal funcionario dos centros da consellería de Cultura e Turismo.

Como anexo a esta proposta de RPT incorpórase un documento que regula as condicións de horario negociadas coas organizacións sindicais e incluíndose na proposta de modificación da RPT anexo condicións de traballo.

1.3. OUTRAS MODIFICACIÓNS ORGANIZATIVAS.

1.3.1. Na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

- Na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais modifícase a denominación do posto de Xefatura de Negociado de Conservación e Restauración, código ED.302.00.002.15770.020, que pasa a ser **Xefatura de Negociado de Conservación e Restauración I.**
- Nesta mesma Subdirección de Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, o posto denominado Xefatura de Negociado, código ED.302.00.002.15770.022, cambia este nome polo de **Xefatura de Negociado de Conservación e Restauración II.**



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: ED-M-01-2018

- O posto base subgrupo A1, nivel 20, código ED.302.00.000.15770.006, actualmente dependente directamente da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pasa ao Servizo de Inventario na Subdirección de Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- Os postos situados actualmente na Subdirección de Protección do Patrimonio Cultural que se indican a continuación pasan ao Servizo de Inventario na Subdirección de Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais:
 - ✓ ED.302.00.001.15770.060 Titulado Superior.
 - ✓ ED.302.00.001.15770.062 Titulado Superior.
- O posto de Xefatura de Sección de Planeamento, código ED.302.00.001.15770.015, cambia esta denominación pola de **Xefatura de Sección de Inventario** e queda adscrito ao Servizo de Inventario na Subdirección de Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais mantendo o resto das súas características.

1.3.2. Secretaría Xeral de Política Lingüística:

- Na Subdirección Xeral de Política Lingüística o posto con código ED.401.00.001.15770.013, Xefatura de Negociado, muda esta denominación pola de **Xefatura de Negociado I**, mantendo o resto das características.
- Na Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística realízanse, por razóns funcionais, as seguintes modificacións:
 - ✓ O posto con código ED.401.00.002.15770.020, Xefatura de Sección de Habilitación, muda esta denominación pola de **Xefatura de habilitacións, facturación e pagamentos**, mantendo o resto das características.
 - ✓ O posto con código ED.401.00.002.15770.021, Xefatura de Sección de tramitación, pasa a chamarse **Xefatura de Sección de Tramitación da Contratación**. Así mesmo inclúese na área funcional de Contratación (CON).
 - ✓ O posto con código ED.401.00.002.15770.022, Xefatura de Negociado, muda esta denominación pola de **Xefatura de Negociado I**.

1.3.3. Na Xefatura Territorial de Ourense, no novo centro de destino Museo do Viño de Galicia trasládase o posto de Técnico Medio de Museos do Museo Etnolóxico de Ribadavia, nivel 18, código ED.C99.50.201.32680.008, con horario especial consistente en prestar servizos en xornada partida é de mércores a domingo. Por outra banda, esta praza experimenta un incremento ao nivel 18.

Esta modificación xustifícase no feito de que o museo precisará de persoal técnico para o desenvolvemento das súas funcións de difusión e comunicación, documentación e conservación preventiva. Na actualidade as coleccións do museo precisan de persoal técnico para a súa supervisión e control.

2. CREACIÓNS.

Polas razóns organizativas que se detallan a continuación créanse as seguintes prazas:



2.1. Un posto base subgrupo A1, nivel 22; da administración especial, escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de museos no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Esta creación permite corrixir un déficit que ven arrastrando este centro dun efectivo de persoal funcionario deste corpo e escala, situación que viña corrixindo mediante as funcións asumidas por persoal laboral indefinido no fixo que se foi xubilando, sendo máis correcta a provisión desta necesidade mediante persoal funcionario de carreira.

2.2. Un posto de Técnico en Restauración, subgrupo A1/A2, nivel 20, da administración xeral no CGAC.

Créanse dous postos de Técnico en Restauración, subgrupo A1/A2, nivel 20, de horario especial e coa titulación de Licenciado en Belas Artes (especialidade conservación e restauracións de bens culturais) ou equivalente; ou Diplomado en Belas Artes (especialidade conservación e restauracións de bens culturais) ou equivalente.

Esta creación ten como finalidade abordar mediante persoal funcionario as actuacións en materia de patrimonio cultural, relacionadas co exercicio de potestades públicas ou salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas, segundo o preceptuado na normativa básica en materia de emprego público, que circunscribe estas actuación exclusivamente ao persoal funcionario, e non a través de persoal laboral.

A necesidade de avaliar as distintas obras de arte para as exposición do centro xustifican esta creación.

2.3. Na Secretaría Xeral de Política Lingüística créanse as seguintes prazas:

2.3.1. Dependendo directamente da Secretaría Xeral:

- **Un posto de Xefatura de Negociado de Rexistro e Tramitación Administrativa, nivel 18, da administración xeral, aberto aos subgrupos A2/C1/C2.**

A Xefatura de Negociado é necesaria para apuntalar o apoio administrativo requirido no Centro de Investigación para Humanidades Ramón Piñeiro e para asumir a responsabilidade inmediata do rexistro auxiliar existente nesta secretaría xeral. Polo que se refire ao Posto de Subalterno/a indicar que cómpre contar cun efectivo debido a localización desta secretaría xeral, fóra de San Caetano, para os efectos trasladar a documentación desta secretaría.

2.3.2. Na Subdirección Xeral de Política Lingüística:

- **Un posto de Lingüista, A1, nivel 20, AXG, coa titulación de Licenciado en Filoloxía Galega (2071) e Licenciado en Filoloxía Hispánica (Galaico-Portuguesa) (2079).**
- **Un posto de Xefatura de Sección Exterior, AXG, nivel 25, aberto aos subgrupos A1/A2/C1.**
- **Un posto de Xefatura de Negociado II, AXG, nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2.**

Estas creacións xustifícanse pola competencia desta subdirección xeral en relación co asesoramento lingüístico, a xestión das solicitudes de tradución galego-castelán e viceversa, de documentacións, acordos e títulos oficiais, a xestión das solicitudes de tradución para o castelán de títulos oficiais expedidos en galego que deben producir efectos noutras administracións públicas, así como a atención das demandas dos centros directivos da Administración Autonómica respecto a moitas das súas publicacións. Tamén cómpre ter en conta as demandas da propia subdirección respecto ás probas acreditativas do coñecemento do idioma galego e en relación cos cursos de linguaxes específicas. A dotación actual de lingüistas é insuficiente, só catro efectivos, polo que se propón a creación dunha paraza máis.



Por outra banda, para dar unha resposta as funcións desta subdirección respecto da colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística cos organismos nacionais e internacionais para promover o fomento e a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua galega, mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración con outras administracións públicas, universidades e diversas entidades no marco do fomento do ensino da lingua e da cultura e literatura galegas, así como da organización de actividades relacionadas coa súa investigación, promoción e difusión cómpre propor a creación dunha xefatura de sección exterior nos termos sinalados.

Xa finalmente sinalar que tamén resulta xustificada a creación da xefatura de negociado que se propón para distribuír de forma máis axeitada as funcións desta subdirección, que actualmente só dispón dun posto destas características que resulta claramente insuficiente.

2.3.3. Na subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística:

- **Un posto de Xefatura de Negociado II, AXG, nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2.**

Esta subdirección conta con catro postos de xefatura de sección e cun titulado superior pero resulta conveniente incluírle un posto de xefatura de negociado ao que derivar a aquelas xestións de apoio e tramitación ordinaria da subdirección.

- 2.4. **Dous postos de Arquitecto de funcións facultativas, subgrupo A1, nivel 26; da administración especial, escala de arquitectos (ESA) e dous postos base subgrupo A1, nivel 20, da administración especial, escala de arqueólogos dependendo directamente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e un posto de Arquitecto de funcións facultativas, subgrupo A1, nivel 26, dependendo directamente da Xefatura Territorial de Pontevedra.**

Con estas creacións dáse resposta a necesidade introducida pola Lei do Patrimonio Cultural de Galicia como consecuencia da modificación derivada da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, máis tarde incorporada á Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que determina o carácter favorable deste informe por falta de emisión expresa.

Por outra banda cómpre citar para avalar esta creación o elevado volume de planeamentos urbanísticos existentes na actualidade en tramitación, que implica que a dotación de persoal existente para o cumprimento destas obrigas resulte insuficiente. Nestes últimos anos esta necesidade víñase paliando de xeito transitorio mediante expedientes de acumulo de tarefas.

- 2.5. Na Xefatura Territorial desta Consellería na Coruña, créase un posto de **Xefatura de Negociado de Xestión Administrativa**, nivel 18, para os efectos de reforzar os servizos administrativos e paliar o incremento do volume de xestión experimentado recentemente.
- 2.6. Na biblioteca Pública de Lugo, créase un posto de **Técnico/a Superior de Bibliotecas, subgrupo A1, nivel 22, da escala de arquivos da Administración Especial, Escala de Facultativos de Arquivos, Bibliotecas e Museos, especialidade de Bibliotecas**. Corríxese así un déficit de efectivos deste centro deste corpo ou escala que non conta con ningún efectivo destas características.



- 2.7. Créase o centro de destino na Xefatura Territorial desta Consellería en Ourense denominado **Museo do Viño de Galicia** dotándoo dos efectivos que nun principio se consideran convenientes.

Por unha banda, cómpre ter en conta que as cuestións relacionadas co funcionamento e xestión do novo centro vanse desenvolver pola dirección do Museo Etnolóxico de Ribadavia así como as funcións técnicas polo persoal facultativo do Museo Etnolóxico de Ribadavia, dótase este centro con tres postos de Subalterno, agrupacións profesionais do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con horario especial de mércores a domingo, xa que este museo está situado nun edificio histórico de catro plantas máis a adega de orixe medieval do seu soto, polo que é necesario dotalo de persoal de vixilancia suficiente para poder atender ao público e ás coleccións, na recepción do museo e nestas catro plantas, para garantir a súa apertura cinco días á semana (de mércores a domingo).

3. AMORTIZACIÓNS.

Para financiar esta modificación amortízanse as prazas que se detallan a continuación. **Todas están vacantes e sen ocupar**, polo que se considera oportuno realizar esta supresión para atender outras necesidades:

ED.201.00.002.15770.027	Operador/a entrada de datos
ED.201.00.002.15770.052	Subalterno/a
ED.301.00.000.15770.006	Posto base subgrupo A2
ED.301.00.000.15770.080	Ordenanza
ED.301.00.000.15770.084	Ordenanza
ED.302.00.000.15770.045	Titulado/a superior
ED.401.00.000.15770.003	Posto base subgrupo A1
ED.401.00.000.15770.040	Licenciado en Informática
ED.401.00.002.15770.023	Xefatura de grupo
ED.401.00.002.15770.024	Xefatura de grupo
ED.301.00.003.15770.113	Técnico/a Superior en Centros Arte.
ED.C99.10.000.15001.513	Operador/a entrada de datos
ED.C99.10.000.15001.519	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.10.000.15001.524	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.10.000.15001.535	Asesor de prensa
ED.C99.50.101.15001.011	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.50.101.15001.014	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.50.101.15001.033	Ordenanza
ED.C99.50.000.27001.001	Garda
ED.C99.50.101.27001.021	Subalterno/a
ED.C99.50.101.27001.022	Subalterno/a
ED.C99.10.000.32001.512	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.10.000.32001.526	Profesor
ED.C99.10.000.32001.515	Auxiliar administrativo/a
ED.C99.50.201.32680.024	Vixiante
ED.C99.50.201.32680.027	Vixiante Arquivos, bibliotecas e museos
ED.C99.10.000.36001.522	Director/a
ED.C99.50.101.36001.013	Operador/a entrada de datos
ED.C99.50.301.36001.012	Auxiliar administrativo/a

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López





Asunto: *Memoria económica complementaria Financiación RPT Agadic.*

Mediante sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo de data 11/10/2017, recaída no Procedemento Ordinario número 265/2016 a instancia do Sindicato Nacional Comisiones Obreiras (CCOO), sendo parte demandada a Consellería de Facenda, anúlase parcialmente a RPT da Agadic aprobada mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de xullo de 2016, e publicada por Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG nº 29 de xullo).

Concretamente o fallo desta resolución xudicial establece o seguinte:

“FALLAMOS que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia (CC.OO) contra el Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia de 14 de julio de 2016 por el que se aprueba la relación de puestos de trabajo de la Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIV), cuya publicación se realizó mediante Resolución de la Consellería de Facenda de 15 de julio de 2016, publicada en el DOG de 29 de julio.

Y en consecuencia, declaramos la no conformidad a derecho del acuerdo impugnado, el cual anulamos en el particular relativo a lo que se consigna en la columna de "observaciones" de los puestos litigiosos (antecedente de hecho primero de la demanda), debiendo eliminarse todo aquello que no sea la simple referencia a "Disponibilidad horaria", y reconociendo que los indicados puestos de trabajo deben conllevar el complemento de disponibilidad durante todo el año”.

Mediante Auto deste mesmo órgano xudicial de data 28/05/2019, ditado en resolución do procedemento executivo 19/2018, requírese a esta entidade para que proceda a modificar a RPT nos termos citados no fallo, no prazo dun mes, sen prexuízo de que se efectúen novas modificacións da RPT para adaptar os postos de traballo as situacións que demande o interese público; circunstancia que será avaliada unha vez executada este pronunciamento xudicial. Concretamente parte dispositiva indica o seguinte:

"PARTE DISPOSITIVA

LA SALA ACUERDA: Declarar que no ha sido ejecutada debidamente la sentencia recaída en estas actuaciones, debiendo la Administración demandada ejecutarla en sus propios términos,





concediéndole el plazo de un mes, de manera que dentro de este plazo deberá estar aprobada la modificación de la RPT 2016 eliminando en la columna de "Observaciones" de los puestos litigiosos todo aquello que no sea la simple referencia a "Disponibilidade horaria", y reconociendo que los indicados puestos de trabajo deben de conllevar el complemento de disponibilidad horaria durante todo el año."

En consecuencia con anterior, e para dar debido cumprimento, procedeuse sen máis modificar os postos afectados; amortizando o posto que máis abaixo se sinala para os efectos de financiar esta modificación, que aínda así queda deficitaria ata que se produzan vacantes nun futuro próximo.

Para financiar a modificación proposta propónse a amortización do posto de traballo de PROFESOR/A BAILE, código ED.A39.40.901.15001.026, que está vacante non ocupada.

Non obstante esta amortización non resulta suficiente, presentando a modificación un saldo deficitario por importe de 15.207,40 €. Para evitar amortizar posto ocupados esta insuficiencia corríxirase transitoriamente cos remanentes da RPT da consellería doutras modificacións, mentres non se amortiza outro posto na axencia que quede vacante nun futuro.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico
Manuel Vila López

